

A UNIÓN EUROPEA

1 Relaciona cada institución coa súa función.

Parlamento Europeo

Consello Europeo

Comisión Europea

Deciden e propoñen medidas para o bo funcionamento da Unión.

Elabora as leis.

Encárgase do cumprimento das leis.



2 Contesta estas preguntas.

- Como se chama a moeda común da Unión Europea?
- E o conxunto dos países que a utilizan?

4 Cales foron os obxectivos da creación da Unión Europea? Marca a opción correcta.

- ☐ Buscar beneficios económicos e sociais cos países do continente americano.
- ☐ Que os países membros conseguisen beneficios económicos, sociais, e evitar as guerras mediante o diálogo.
- ☐ Buscar novos países para o continente europeo.

7 Escribe **V** se é verdadeiro e **F** se é falso.

- ☐ A zona euro está integrada polos países que decidiron adoptar o euro como moeda oficial.
- ☐ A zona euro está formada por todos os países da Unión Europea.
- ☐ A Unión Europea non promove a igualdade entre os pobos europeos.
- ☐ España forma parte da Unión Europea desde 1978.
- ☐ Na actualidade a Unión Europea está formada por 27 países.
- ☐ A Unión Europea impulsa o desenvolvemento económico e trata de mellorar as condicións de vida da súa cidadanía.